

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO A TRAVÉS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA E ABANCA PARA A PROMOCIÓN E FOMENTO DAS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con ABANCA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e ABANCA para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Consellería de Cultura e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia a que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de impulso, coordinación e xestión da política autonómica en materia de turismo, de conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 163/2018, do 13 de decembro (DOG núm. 243, do 21 de decembro).

A Axencia Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.



Segundo.- En virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, ten ao seu cargo o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando dita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega, e en xeral, a realización das actividades necesarias para unha mellor promoción da oferta turística da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- A Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

Cuarto.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector, e a estes efectos, a Axencia Turismo de Galicia asina anualmente convenios de colaboración coas entidades organizadoras das festas de carácter nacional e internacional e convoca unha liña de axudas en concorrencia non competitiva para as festas declaradas de interese turístico de Galicia.

Quinto.- ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir



o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

